



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, voceira e deputada do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto na Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (artigos 14,15 entre outros) e Regulamento Orgánico da Corporación (artigo 10 entre outros) e demais normativa aplicable,

EXPOÑO

Que teño solicitado, a través de diversos trámites, información completa das viaxes institucionais da deputación (Presidente e demais cargos) no presente mandato. Recentemente, solicitamos a comparecencia do Presidente na Comisión Informativa de Transparencia. O feito de que non se aceptara esa petición obrigounos a presentar unha serie de preguntas para que fosen respondidas polo Presidente no pleno, único órgano da deputación ó que asiste o Presidente. Porén, non obtivemos del resposta suficiente nin facilitou toda a información solicitada.

Respecto da información do custe económico de cada viaxe, remitiunos á páxina web institucional onde non se facilita información do custe completo de cada unha das viaxes, nin detalle de cada viaxe. O presidente finalmente remitiunos ó servizo de Intervención para coñecer os datos.

Por isto,

SOLICITO

Certificación de Intervención de tódolos custes de cada unha das viaxes institucionais no presente mandato (dende a constitución da corporación ata a data de peche da información que se confeccione), con detalle de tódolos conceptos en cada viaxe. Estes conceptos deberan incluír cantidades cobradas por cada perceptor en dietas, facturas presentadas, pagos a axencias de viaxe e outras empresas relacionados con cada viaxe, pagos correspondentes aos gastos de acompañantes (funcionarios ou outro persoal) e calquera tipo de gasto que conste (como indicar se houbo uso de coche oficial).

En Ourense, 31 de xaneiro de 2019.

Asinado: Elvira Lama Fernández



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdegpsosedepourense.es
socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGDepOU
Twitter: @PSdeGDepOU